Unidade 4

Cultura e linguaxe.
Producción e transmisión cultural

Resumo:

A capacidade lingüística do ser humano ou, mais xeralmente, a súa capacidade de crear e interpretar símbolos é un factor determinante na producción cultural e na transmisión dos códigos culturais ás novas xeracións.

Creando simbolos que substitúen a elementos do entorno, experiencias, etc. o ser humano produce información en sociedade, a acumula e a aumenta xeración tras xeración podendo modificar historicamente a sociedade na que vive.

A diferencia da comunicación animal (de sinais e xeneticamente herdada), a linguaxe humana é socialmente producida e aprendida, e posúe dobre articulación. Isto permite a creación dun número ilimitado de mensaxes. Con elas significamos e clasificamos a nosa contorna, interpretamos, construimos ou modificamos a realidade e inventamos e imaxinamos realidades aínda non existentes.